

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 3 de maio de 2010 pola que se convocan prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para cursar estudos de ensinanzas postobrigatorias non universitarias no próximo curso académico 2010-2011.

O Decreto 43/1989, do 2 de marzo (DOG do 31 de marzo), polo que se transforman os centros de ensinanzas integradas en institutos de educación secundaria e profesional e en centros residenciais docentes, faculta na súa disposición derradeira primeira, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento e execución no disposto nel.

Na súa virtude, e consonte o establecido no artigo 8 do citado decreto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

CAPÍTULO I CONDICIÓNS XERAIS

Artigo 1º

1. Convócanse prazas nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo, para alumnado que curse os estudos que se indican nos centros que se detallan no anexo I, así como para todas aquelas ensinanzas postobrigatorias non universitarias que os ditos centros teñan autorizadas para o curso 2010-2011.

2. O número de prazas de residencia serán as correspondentes ás vacantes que se produzan para o curso 2010-2011, e faranse públicas no momento de se produciren.

Artigo 2º

1. De conformidade co artigo 8 do Decreto 43/1989, do 2 de marzo (DOG do 31 de marzo), as prazas dos centros residenciais docentes levan implícita a admisión no instituto de educación secundaria creado ao abeiro do dito decreto, exceptuando os ciclos formativos, tanto medios como superiores.

2. No caso de que a solicitude se formule coa finalidade de cursar especialidades que non se impartan nos centros de educación secundaria a que se refire o punto anterior, a adxudicación de praza de residencia terá carácter provisional. A adxudicación farase definitiva cando o interesado presente, na secretaría do centro residencial docente respectivo, xustificante acreditativo de que foi admitido no centro en que se imparta a dita especialidade, que necesariamente ten que ser da mesma localidade que o centro residencial docente. Para estes efectos enténdese que o centro residencial docente da Coruña, comprende as localidades de Culleredo e A Coruña.

3. A adxudicación, con carácter provisional, da praza de residencia permitiralle ao solicitante considerar como domicilio o centro residencial docente, para os únicos efectos de valoración por proximidade do domicilio no proceso de admisión de centros sostidos con fondos públicos para o curso académico 2009-2010. A certificación que se lle expida equivalerá certificación do concello para os efectos da Orde do 17 de maio de 2007 (DOG do 19 de maio), pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en bacharelato e a Orde do 5 de xuño de 2007 que regula os ciclos formativos de grao medio e superior, en centros sostidos con fondos públicos.

Artigo 3º

1. Poderán concorrer a esta convocatoria todas aquelas persoas físicas que posúan a nacionalidade española ou sexan nacionais dun país membro da Unión Europea, extranxeiros residentes en España no momento da solicitude de praza e reúnan os requisitos académicos previstos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio), e que desexen proseguir os seus estudos nos centros indicados no artigo anterior como residentes nos respectivos centros residenciais docentes, así como os actuais residentes dos centros residenciais docentes que rematen un nivel educativo ou ciclo, e desexan seguir como tales no seguinte nivel ou ciclo.

2. Para poder optar á praza de residencia os aspirantes deberán acreditar as circunstancias que impidan a súa escolarización nun centro sostido con fondos públicos. Con carácter xeral, esta circunstancia será a de non poder cursar os estudos solicitados por non haber un centro sostido con fondos públicos que imparta os ditos estudos, ben na localidade de residencia, ben nunha localidade próxima que permita, polos medios de comunicación da zona, un acceso diario con facilidade. Con carácter particular, e documentalmente acreditado, poderanse ter en conta outras circunstancias, como condicións de orfandade, fillo de emigrantes ou situacións familiares moi graves.

3. Se o limiar de renda familiar non excede do que se fixa no Real decreto 545/2007, do 27 de abril, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación para o curso 2009-2010 (BOE do 19 de xuño de 2008), os residentes obterán praza gratuíta.

No caso de que o nivel de renda supere o citado limiar, nas porcentaxes que se indican, os residentes deberán aboar as seguintes contías anuais:

Os que o superen ata un 10%: 512 €.

Os que superen en máis dun 10% e ata un 20%: 783 €.

Os que superen en máis dun 20% e ata un 30%: 1.241 €.

Os que superen en máis dun 30%: 1.866 €.

O aboamento da participación económica poderase fraccionar ata nun máximo de tres prazos trimestrais anticipados.

CAPÍTULO II

NORMAS DE PROCEDIMENTO

Artigo 4º

1. As solicitudes dos aspirantes formalizaranse de acordo co modelo que figura no anexo II desta orde e dirixiranse ao director do centro residencial docente para o que se solicita praza.

2. As solicitudes poderanse presentar directamente nos centros residenciais docentes ou en calquera dos lugares establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Para estes efectos, os rexistros dos centros docentes non se considerarán incluídos dentro das dependencias enumeradas no artigo 38.4º da dita lei.

No caso de optar por presentar a súas solicitudes nunha oficina de correos, farano en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Establécese un período extraordinario na primeira quincena do mes de setembro para a presentación de solicitudes destinado ás ensinanzas autorizadas pola Administración educativa con posterioridade á publicación desta orde, así como para os ciclos formativos e extraordinariamente no curso académico 2010-2011 para bacharelato.

4. Unha vez recibidas as solicitudes polos centros residenciais docentes, estes deberán cotexar a veracidade dos datos reflectidos na folla de solicitude, e requirirán dos interesados a documentación que para tal efecto consideren necesaria, e comprobarán que as follas de solicitude estean cubertas en todas as epígrafes.

5. Así mesmo, os aspirantes presentarán certificado de empadramento da unidade familiar (segundo o artigo 10.1º), cos datos obrigatorios e nº de habitantes do ente de poboación, ademais do certificado oficial de notas do curso escolar 2008-2009.

CAPÍTULO III

SELECCIÓN DE ASPIRANTES

SECCIÓN I

REQUISITOS ACADÉMICOS

Artigo 5º

1. Para poder optar ás prazas reguladas nesta orde será preciso o cumprimento dos requisitos exixidos

para o efecto pola lexislación académica vixente para poder acceder ao curso que se solicite, sempre que non teña máis de dúas materias pendentes.

2. Sempre que se cumpran os requisitos académicos previstos no parágrafo anterior e que non variasen as circunstancias que motivaron a concesión, a renovación das prazas para os diferentes cursos dun mesmo nivel ou grao educativo producirase de xeito automático. Con respecto aos estudos universitarios, rexeranse pola convocatoria xeral de bolsas do Estado.

Artigo 6º

1. Non se concederá praza de residencia para repetir curso.

SECCIÓN II

CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A CONCESIÓN DE PRAZA

Artigo 7º

A valoración das solicitudes admitidas abranguerá dúas cualificacións: a socioeconómica e a académica.

Artigo 8º

A valoración socioeconómica obterase ao aplicar o baremo establecido de acordo cos seguintes criterios: renda familiar, composición do grupo familiar, condición de orfandade ou calquera outra situación familiar especial e o número de habitantes do lugar de residencia familiar.

Artigo 9º

1. Por renda familiar entenderase a suma dos ingresos obtidos por todos os membros computables, calquera que sexa a súa procedencia, no ano 2008, e entenderase que son ingresos de base da familia.

2. Os titulares de explotacións agropecuarias computarán como ingresos o valor dos produtos daquelas que sexan utilizadas para o seu propio consumo.

3. Os ingresos familiares dos solicitantes dos cales os pais sexan españois residentes no estranxeiro, poderanse consignar en moeda propia do país en que se obteñan; o cálculo do seu contravalor en euros farase aplicando o tipo oficial que dea un resultado menor e que tivese a moeda respectiva o 2 de xaneiro do ano en que se solicite a axuda, e computarase tan só un 75% deste.

4. De conformidade cos artigos 95.1º, epígrafe k) e 95.2º da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria na solicitude de admisión os pais, nais ou titores legais autorizarán expresamente a utilización de información de carácter tributario que se precisa para a acreditación da renda anual da unidade familiar, que será subministrada directamente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a través de medios informáticos ou telemáticos, no marco de colaboración entre ambas. A dita información será a que corresponda ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural en que se presenta a solicitude (2008).

Polo tanto, aquelas persoas interesadas que non presenten a autorización expresa para que a Axencia Estatal de Administración Tributaria lle subministre á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a información a que se refire o punto anterior, terán cero puntos neste criterio de valoración.

Artigo 10º

1. Consideraranse membros da unidade familiar:

O solicitante, o pai, a nai e os irmáns menores de idade que convivan no domicilio familiar ou os de maior idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

2. No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel dos pais que non conviva co solicitante, sen prexuízo de que nos ingresos de base de familia se inclúa a súa contribución económica.

Non obstante, terá a consideración de membro computable, de ser o caso, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afedctividade, e terase que incluír a súa renda e o seu patrimonio.

3. Nos casos en que o solicitante alegue a súa independencia familiar, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar suficientemente esta circunstancia e o seu domicilio, así como o pagamento de alugueiro da vivenda, se é o caso, e dos medios económicos con que conta. De non xustificar suficientemente estes datos, a solicitude será sometida a exame pormenorizado con comprobación da renda e a situación real do solicitante.

Artigo 11º

Ao cociente que resulte de dividir os ingresos anuais polo número de membros da unidade familiar adxudicáraselle a seguinte puntuación:

	<u>Puntos</u>
Ata 4.141 €	10
De 4.141,01 a 4.698	8
De 4.698,01 a 5.262	7
De 5.262,01 a 5.817	6
De 5.817,01 a 6.428	5
De 6.428,01 a 6.937	4
De 6.937,01 a 7.501	3
De 7.501,01 a 8.058	2
De 8.058,01 a 8.619	1
Máis de 8.619 €	0

2. Engadírase 0,50 puntos por cada un dos irmáns residentes no mesmo centro residencial docente ao cal aspire o solicitante.

3. Engadírase 0,50 puntos por cada un dos irmáns, incluído o solicitante, que integre o grupo familiar.

4. Aos aspirantes en situación de orfandade incrementaráselle a puntuación en 10 puntos; en 15 se se trata de orfandade absoluta.

5. Aos aspirantes con circunstancias familiares especiais engadiránselles ata 5 puntos. Consideraranse nesta epígrafe situacións tales como fillos de españois residentes no estranxeiro; familias con membros diminuídos física, psíquica ou sensorialmente, sempre que da incapacidade derive a imposibilidade de obter ingresos de natureza laboral; cando o cabeza de familia sexa inválido ou estea aqueixado de enfermidade permanente que o imposibilite para o traballo, e que a súa única fonte de ingresos sexa a pensión percibida pola dita invalidez ou que estea en situación de desemprego, sen percepción do subsidio de desemprego e existan dificultades de escolarización que valorará o tribunal cualificador.

6. En atención ao número de habitantes da entidade singular de poboación en que resida a familia, engadíranse os seguintes puntos, de acordo co previsto no artigo 9º:

	<u>Puntos</u>
Entidades de menos de 1.000 habitantes	5
Entidades de 1.001 a 2.000 habitantes	4
Entidades de 2.001 a 5.000 habitantes	3
Entidades de 5.001 a 10.000 habitantes	2
Entidades de 10.001 a 20.000 habitantes	1
Entidades de máis de 20.000 habitantes	0

7. As xefaturas territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderán propoñer á consideración do tribunal cualificador casos concretos de solicitantes que presenten unha problemática excepcional ou que residan en zonas con grandes dificultades de escolarización. O tribunal cualificador, considerando estas circunstancias, poderalles outorgar a estes aspirantes unha puntuación adicional de ata un máximo de 10 puntos.

Artigo 12º

O rendemento académico dos aspirantes valorárase numericamente pola nota media das disciplinas correspondentes ao curso 2008/2009. Para efectos do cómputo da nota media utilizarase, a seguinte táboa de equivalencias:

	<u>Puntos</u>
Moi deficiente ou non presentado	1
Insuficiente ou non apto	3
Suficiente, apto ou validado	5,5
Ben	6,5
Notable	7,5
Sobresaliente	9

CAPÍTULO IV

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DE RESIDENCIA

Artigo 13º

Os centros residenciais docentes remitirán á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, con anterioridade ao 10 de maio, o número de vacantes co fin de que a comisión de valoración poida aplicar os criterios para a súa cobertura.

Artigo 14º

A comisión de valoración das solicitudes estará composta por:

-Presidente: o director xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue.

-Vogais: un representante de cada un dos centros residencias docentes.

-Un representante do servizo de recursos educativos complementarios das xefaturas territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Un representante da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

-Un funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario.

Artigo 15º

1. La comisión de valoración, á vista das solicitudes presentadas e do número de prazas dispoñibles, establecerá unha nota mínima, tanto na fase de valoración socioeconómica como na valoración académica, para cada un dos cursos nos niveis ou graos que os solicitantes vaian realizar. O tribunal cualificador excluírá os aspirantes que non acaden as ditas notas mínimas, e comunicarállelo antes de finalizar o mes de xuño.

2. Só os solicitantes que acaden as puntuacións mínimas na valoración socioeconómica e académica establecidas pola comisión de valoración terán acceso á fase de selección.

3. A puntuación total obterase da suma das valoracións socioeconómica e académica.

Artigo 16º

1. Antes do 1 de xullo, o tribunal cualificador elevará á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos proposta de concesión das prazas de residencia, así como relación de solicitantes declarados suplentes para cubrir as vacantes que se produzan, con indicación de se a gratuidade da praza é total ou parcial, sinalando así mesmo o importe que se deberá aboar establecido no artigo 3º.3 desta orde.

De acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a resolución provisional da convocatoria comunicaráselles aos interesados e aos centros, e daráselles aos interesados un prazo de reclamación de 15 días desde a data de notificación desa resolución.

As reclamacións serán resoltas no prazo de quince días naturais pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

2. Antes do 20 de xullo a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos resolverá con carácter definitivo a convocatoria das prazas de residencia, que lles será comunicada aos interesados indicando a decisión adoptada sobre as súas solicitudes. A resolución definitiva farase pública no taboleiro de anuncios dos respectivos centros residenciais docentes e na páxina web <http://www.edu.xunta.es>. Aos admitidos con praza e aos suplentes sinalaráselle o centro residencial docente en que obteñen praza.

No caso de non producirse resolución expresa no prazo de seis meses, as solicitudes entenderanse desestimadas.

3. Na mesma data remitiráselles aos centros residenciais docentes a relación de residentes que obteñen praza neles, así como os suplentes que se nomeasen para cubrir as vacantes que se produzan.

Artigo 17º

As prazas de residencia convocadas para cada centro cubriranse tendo en conta a puntuación total obtida polos aspirantes e a localización do seu domicilio en relación coa dos centros residenciais docentes respectivos e as posibilidades de desprazamento aos seus domicilios, co obxecto de facilitar a convivencia familiar durante os días non lectivos e as vacacións.

CAPÍTULO V

COMPROBACIÓN DE REQUISITOS

Artigo 18º

Os centros residenciais docentes poñeranse en contacto cos residentes titulares e suplentes que lles fosen destinados e reclamaranlle a documentación necesaria para verificar o cumprimento dos requisitos exixidos na convocatoria.

CAPÍTULO VI

RECURSOS

Artigo 19º

Contra a resolución de adjudicación definitiva de prazas de residencia, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación. Contra a resolución do recurso de alzada, que esgota a vía administrativa, o interesado poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo.

CAPÍTULO VII

INCORPORACIÓN DOS ALUMNOS SELECCIONADOS

Artigo 20º

1. Os centros residenciais docentes, unha vez coñecidos os residentes titulares que se van incorpo-

rar por reunir os requisitos exixidos na convocatoria e por aceptar a praza, procederán a avisar os suplentes por orde de lista para cubrir as vacantes que se producen. Para tal efecto formularán consulta previa coa Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, para coñecer se hai que reservar praza para algún aspirante unha vez resoltas as posibles reclamacións recibidas.

2. Aos suplentes que non pasen a titulares seralles comunicada esta circunstancia polos respectivos centros residenciais docentes.

3. Queda absolutamente prohibida a incorporación de residentes non beneficiarios mentres non se esgote a relación de residentes que superasen as notas mínimas.

4. Os residentes incorporados quedarán suxeitos ás normas de réxime interno do centro.

5. O estado de saúde do residente, que se acreditará documentalmente no momento da incorporación ao centro, deberá permitir o normal desenvolvemento da vida residencial ou docente, se é o caso (deberase achegar certificado médico oficial)

6. Os residentes que non se incorporen aos centros residenciais docentes nas datas que cada centro sinala para o inicio do curso escolar non poderán beneficiarse da praza de residencia e perderán os seus dereitos, salvo nos casos de forza maior, apreciados polo director, oído o Consello de Residencia.

7. As normas de incorporación serán elaboradas polos respectivos centros residenciais docentes, que deberán poñelas en coñecemento dos seus residentes con 10 días de antelación. Cada centro enviará copia das súas normas de incorporación á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no momento do seu envío aos residentes.

8. Cada centro residencial docente será responsable de que todos os residentes que efectúen a súa incorporación reúnan os requisitos exixidos na convocatoria, segundo o establecido no artigo 22º.

Artigo 21º

A falsidade de datos ou a falsificación de documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda total dos dereitos dos solicitantes, sen prexuízo doutras responsabilidades a que procedesen lugar, logo da apertura do correspondente expediente.

Artigo 22º

1. A perda da condición de alumno do centro onde debía cursar os estudos para os que lle foi concedida a praza, determinará a perda desta e, así mesmo, a condición de residente do centro residencial docente.

2. Igualmente, deixarán de desfrutar das prazas como consecuencia de sanción disciplinaria, baixo rendemento académico ou faltas reiteradas de asistencia a clase sen xustificar, de acordo coa normativa vixente, logo do oportuno expediente.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os estudantes que non teñan concedida praza poderán beneficiarse dalgún ou varios dos servizos de residencia, sempre que exista dispoñibilidade para iso, mediante o aboamento do seu importe, de acordo coas cantidades fixadas para os residentes que excedan os módulos máximos. Nese caso, a utilización dos ditos servizos suporá o compromiso tácito do estrito cumprimento da normativa de convivencia establecida polos respectivos centros residenciais docentes.

Segunda.-Co obxecto de facilitar a convivencia familiar dos residentes e tendo en conta as posibilidades e duración dos desprazamentos, os centros programarán estes durante as fins de semana e grupos de días festivos coa periodicidade aconsellable. En todo caso, os gastos de desprazamento serán de conta dos propios residentes.

Terceira.-Estas prazas poderán ser compatibles coa axuda compensatoria e a axuda para gastos determinados por razón de material escolar da convocatoria xeral de bolsas e axudas ao estudo.

Cuarta.-Para o curso 2010/2011, e de xeito excepcional, sempre que queden prazas vacantes a partir do 30 de setembro, estas poderán ser cubertas con alumnado universitario, facendo efectivo o seu pagamento tal como se di no artigo 3º.3 desta orde.

Quinta.-En todo o non regulamentado por esta orde serán de aplicación as normas vixentes en materia de bolsas e axudas aos estudos.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptar as medidas necesarias para o cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Centro Residencial Docente da Coruña

Centro	Bacharelato LOXSE	Ciclos grao medio	Ciclos grao superior
IES Cruceiro Baleares	-Humanidades e ciencias sociais -Ciencias e tecnoloxía	-Pesca e transporte marítimo -Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque -Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor -Instalacións eléctricas e automáticas -Equipos electrónicos de consumo -Técnico deportivo en fútbol	-Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos -Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos -Animación de actividades físicas e deportivas -Desenvolvemento de produtos electrónicos -Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque -Navegación, pesca e transporte marítimo -Instalacións electrotécnicas -Prevenición de riscos profesionais -Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica
IES Urbano Lugo	-Humanidades e ciencias sociais -Ciencias e tecnoloxía	-Equipos electrónicos de consumo -Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas	-Sistemas de telecomunicación e informáticos -Sistemas de regulación e control automáticos -Desenvolvemento de produtos electrónicos -Instalacións electrotécnicas
IES Fernando Wirtz Suárez	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais	-Xestión administrativa -Sistemas microinformáticos e redes	-Administración e finanzas -Desenvolvemento de aplicacións informáticas -Secretariado -Administración de sistemas informáticos en rede
CIFP. Ánxel Casal	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais	-Farmacia e parafarmacia -Coidados auxiliares de enfermería -Atención sociosanitaria -Emerxencias sanitarias	-Educación infantil -Hixiene bucodental -Interpretación da lingua de signos -Anatomía patolóxica y citoloxía -Dietética -Imaxe para o diagnóstico -Laboratorio de diagnóstico clínico -Próteses dentais -Integración social -Audioloxía protésica -Radioterapia -Saúde ambiental -Animación sociocultural -Documentación sanitaria
CIFP Somo		-Fabricación a medida e instalación de carpintería e moble -Electromecánica de vehículos -Mecanizado -Perrucaría -Estética persoal decorativa -Carrozaría -Soldadura e caldeirería	-Produción de madeira e moble -Automoción -Estética -Programación da produción e fabricación mecánica -Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas -Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción -Realización e planos de obra
IES Adormideras	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais -Artes		
IES Monte das Moas	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais		
IES Imaxe e Son			-Imaxe -Son -Produción de audiovisuais, radio e espectáculos -Realización de audiovisuais e espectáculos
IES nº 1 A Sardiñeira	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais	-Laboratorio	-Laboratorio de análise e control de calidade -Química industrial
IES Eusebio da Guarda	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais		-Axencias de viaxes e xestión de eventos -Guía información e asistencia turística
IES. Agra do Orzán	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais		-Animación de actividades físicas e deportivas
IES Paseo das Pontes	-Humanidades e ciencias sociais -Ciencias e tecnoloxía	-Cociña e gastronomía -Servizos en restauración -Confeción e moda	-Restauración -Industria alimentaria -Patronaxe e moda
IES Ramón Menéndez Pidal	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais	-Comercio	-Xestión comercial e marketing -Comercio internacional

Centro	Estudios superiores	Ciclos medios	Ciclos superiores
Escola de Arte Pablo Picasso	-Deseño de interiores -Volume -Deseño gráfico	-Dourado e policromía	-Gráfica publicitaria -Proxectos e dirección de obras de decoración -Cerámica artística -Ilustración -Artes aplicadas da escultura -PS Fotografía artística

Conservatorio de Música Superior	Todos os instrumentos autorizados
CEE Nosa Señora do Rosario	Todas as ensinanzas autorizadas

Centros privados concertados	Ciclos medios	Ciclos superiores
Cervantes	-Xestión administrativa	
	-Comercio	
Cruz Roja Española	-Coidados auxiliares de enfermaría	-Imaxe para o diagnóstico
	-Farmacia	
Fogar de Santa Margarita	-Comercio	
Karbo	-Xestión administrativa	
	-Comercio	
La Grande Obra de Atocha	-Xestión administrativa	
Liceo La Paz	-Coidados auxiliares de enfermaría	
	-Xestión administrativa	
López y Vicuña	-Xestión administrativa	
	-Comercio	-Educación infantil
Nebrija	-Xestión administrativa	
	-Coidados auxiliares de enfermaría	
	-Farmacia	
	-Comercio	
San Andrés	-Xestión administrativa	
Caixa Galicia		-Secretariado
		-Administración e finanzas
		-Desenvolvemento de aplicacións informáticas

Centro Residencial Docente de Ourense

Centro	Bacharelato LOXSE	Ciclos grao medio	Ciclos grao superior
IES Universidade Laboral	-Artes -Humanidades e ciencias sociais -Ciencias e tecnoloxía	-Electromecánica de vehículos -Carrozaría -Montaxe e mantemento de instalacións de frío e produción de calor	-Automoción -Mantemento de equipo industrial
IES Portovello (As lagoas)	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais	-Xestión administrativa -Comercio -Atención socio sanitaria	-Administración e finanzas -Educación infantil -Xestión comercial e marketing -Integración social -Secretariado
IES 12 de Outubro	-Ciencias e tecnoloxía	-Instalacións eléctricas e automáticas -Mecanizado -Perrucaría -Estética persoal decorativa	-Estética -Instalacións electrotécnicas -Produción por mecanizado
IES A Carballeira	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais	-Coidados auxiliares de enfermaría -Sistemas microinformáticos e redes	-Desenvolvemento de aplicacións informáticas -Dietética -Saúde ambiental -Administración de sistemas informáticos en rede -Laboratorio de diagnóstico clínico
CIFP A Farixa	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais	-Equipos electrónicos de consumo	-Desenvolvemento de produtos electrónicos -Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción -Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas -Sistemas de telecomunicación e informáticos -Guía información e asistencia turística -Produción de audiovisuais, radio e espectáculo
IES As Lagoas	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais	-Técnico deportivo fútbol sala	-Animación de actividades físicas e deportivas
IES Xulio Prieto Nespereira	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais		-Industria alimentaria

Centro	Estudios superiores	Ciclos medios	Ciclos superiores
Escola de Arte Antonio Failde	-Deseño gráfico -Deseño de interiores	-Ebanistería artística	-Proxectos e dirección de obras de decoración -Gráfica publicitaria -Fotografía artística -Ilustración -Moblaxe

Centros privados concertados	Ciclos medios	Ciclos superiores
San Martín	-Xestión administrativa	
	-Coidados auxiliares de enfermaría	
Santo Cristo	-Coidados auxiliares de enfermaría	
	-Farmacia	
	-Comercio	
	-Perrucaría	
	-Xestión administrativa	
Valle Inclán	-Comercio	
	-Xestión administrativa	

Centro Residencial Docente de Vigo

Centro	Bacharelato loxse	Ciclos grao medio	Ciclos grao superior
IES Manuel Antonio	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais	-Confección e moda -Cociña e gastronomía -Servizo en restauración -Laboratorio -Panadaría, repostaría e confeitaría	-Anatomía patolóxica e citoloxía -Laboratorio de análise e control de calidade -Laboratorio de diagnóstico clínico -Química ambiental -Próteses dentais -Restauración
IES Carlos Casares	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais		
IES Ricardo Mella	-Ciencias e tecnoloxía	-Xestión administrativa -Equipos electrónicos de consumo -Coidados auxiliares de enfermaría -Emerxencias sanitarias	-Administración e finanzas -Desenvolvemento de produtos electrónicos -Saúde ambiental -Sistemas de telecomunicación e informáticos -Secretariado -Imaxe para o diagnóstico
IES Teis	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais	-Perrucaría -Estética persoal e decorativa -Sistemas microinformáticos e redes	-Administración de sistemas informáticos en rede -Desenvolvemento de aplicacións informáticas -Estética -Asesoría e imaxe persoal
IES nº1 de Vigo (Politécnico)	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais -Artes	-Mecanizado -Instalacións eléctricas e automáticas -Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas	-Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción -Programación da produción en fabricación mecánica -Sistemas de regulación e control automático -Instalacións electrotécnicas -Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas -Mantemento de equipo industrial -Prevención de riscos profesionais -Realización e planos de obra
IES A Guía	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais	-Comercio	-Comercio internacional -Animación de actividades físicas e deportivas -Xestión comercial e márketing -Xestión do transporte
IES Valentín Paz Andrade	-Humanidades e ciencias sociais	-Fabricación a medida e instalación de carpintería e moble -Electromecánica de vehículos -Carrozaría -Soldadura e caldeiraría -Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor	-Axencias de viaxes e xestión de eventos -Automoción -Guía de información e asistencia turística -Desenvolvemento de produtos de carpintería e moble -Construcións metálicas -Mantemento e montaxe de instalacións térmicas e de fluídos
IES Audiovisual			-Son -Produción de audiovisuais, radio e espectáculos
IES Alexandre Bóveda	-Ciencias e tecnoloxía -Humanidades e ciencias sociais		

Conservatorio de música superior	Todos os instrumentos autorizados
Centros ensinanzas artísticas superiores	Todas as ensinanzas

Centros privados concertados	Ciclos medios	Ciclos superiores
Aloya	-Xestión administrativa -Cociña	-Secretariado -Administración e finanzas -Restauración -Secretariado
Cebem	-Xestión administrativa	-Secretariado -Administración e finanzas -Desenvolvemento de aplicacións informáticas
Colegio Hogar Caixanova	-Preimpresión artes gráficas -Equipos electrónicos de consumo -Mecanizado -Equipos e instalacións electrotécnicas -Soldadura e caldeiraría -Impresión en artes gráficas	-Sistemas de regulación e control automático -Produción por mecanizado -Desenvolvemento de produtos electrónicos
Daniel Castelao	-Xestión administrativa -Equipos electrónicos de consumo -Instalacións eléctricas e automáticas -Comercio	-Administración e finanzas -Desenvolvemento de aplicacións informáticas -Administración de sistemas informáticos
Divino Maestro	-Xestión administrativa -Coidados auxiliares de enfermaría	
Mendiño	-Xestión administrativa -Coidados auxiliares de enfermaría -Comercio	
Montecastelo	-Instalacións eléctricas e automáticas	-Desenvolvemento de produtos electrónicos -Desenvolvemento de aplicacións informáticas
San Miguel	-Xestión administrativa -Comercio -Equipos electrónicos de consumo -Coidados auxiliares de enfermaría	
Vivas	-Xestión administrativa -Coidados auxiliares de enfermaría -Farmacia	-Desenvolvemento de aplicacións informáticas -Administración e finanzas
San José de la Guía		-Educación infantil -Integración social



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
 ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Dirección Xeral de Ordenación e
 Innovación Educativa

ANEXO II

PROCEDEMENTO OBTECIÓN DE PRAZA DE ALUMNO RESIDENTE EN CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED306A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A

SEXO: H 1 M 0

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
DATA DE NACEMENTO (día/mes/ano)	PROVINCIA DE NACEMENTO	ENDEREZO FAMILIAR, RÚA, PRAZA, NÚMERO	
ENTIDADE DE POBOACIÓN	CONCELLO		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONOS DE LOCALIZACIÓN (moi importante)	

2. DATOS FAMILIARES (CABEZA DE FAMILIA)

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
Nº de fillos que dependen do/a cabeza de familia	<input type="checkbox"/> Orfo absoluto	<input type="checkbox"/> 0	Bolseiro en cursos anteriores CRD <input type="checkbox"/>
Nº de membros que integran o grupo familiar (véxase artigo 10)	<input type="checkbox"/> Outro tipo de orfandade	<input type="checkbox"/> 1	Circunstancias familiares especiais <input type="checkbox"/>
Nº de irmáns no CRD para o que solicita praza	<input type="checkbox"/> Ningunha das anteriores	<input type="checkbox"/> 2	

3. ESTUDOS E CURSO QUE SOLICITA (POR ORDE DE PREFERENCIA)

ORDE	TIPO ESTUDO	DENOMINACIÓN
1	<input type="checkbox"/> Bacharelato	
	<input type="checkbox"/> C. grao medio	
	<input type="checkbox"/> C. grao superior	
2	<input type="checkbox"/> Bacharelato	
	<input type="checkbox"/> C. grao medio	
	<input type="checkbox"/> C. grao superior	
3	<input type="checkbox"/> Bacharelato	
	<input type="checkbox"/> C. grao medio	
	<input type="checkbox"/> C. grao superior	
4	<input type="checkbox"/> Bacharelato	
	<input type="checkbox"/> C. grao medio	
	<input type="checkbox"/> C. grao superior	

NOME DO CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE PARA O QUE SOLICITA (por orde de preferencia):

4. CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS DOCUMENTALMENTE ACREDITADAS

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 3 de maio de 2010 pola que se convocan prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para cursar estudos de ensinanzas postobrigatorias non universitarias no próximo curso académico 2010-2011</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA Lugar e data _____, de _____ de _____		

Director do Centro Residencial Docente

ANEXO III

MODELO DE AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE A DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA POIDA SOLICITAR DATOS TRIBUTARIOS DA AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF)

A/s persoa/s que asinan abaixo autoriza/n a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para solicitarlle á Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da axuda para prazas e axudas de residencias nos centros residenciais docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, para cursar estudos postobrigatorios non universitarios e de réxime especial, no vindeiro ano académico 2010/2011.

Esta autorización outórgase para os efectos do recoñecemento, seguimento e control da subvención e/ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto legislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 85.1º k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo de autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AAPP, para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO EXERCICIO 2008**A.-DATOS DO SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN.**

APELIDOS E NOME	
<input type="text"/>	
NIF/NIE	SINATURA
<input type="text"/>	<input type="text"/>

B.-DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DO SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO E CONTROL DA AXUDA.

(unicamente maiores de 18 anos, aínda que non fixesen a declaración da renda)

PARENTESCO CO SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF/NIE	SINATURA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

, de de

NOTA: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido á directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.



**XUSTIFICANTE PARA ENTREGAR AO INTERESADO
SOLICITUDE DE PRAZA EN CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES**
(este xustificante non é válido sen o selo da oficina receptora)

ALUMNO (nome e apelidos)	
<input type="text"/>	
ENDEREZO FAMILIAR (completo)	
<input type="text"/>	
LOCALIDADE	PROVINCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESTUDOS E CURSO PARA OS CALES SOLICITA PRAZA	
<input type="text"/>	